

Material de axuda para reducir o tamaño das imaxes: PICASA




INSTALACIÓN DE PICASA

Existe numeroso software para reducir o tamaño das nosas fotografías. Un sería Picasa que é o que imos explicar.


Para comezar teremos que baixar o software da rede, no seguinte enlace:

<http://picasa.google.com/intl/es/>

Nesta páxina xa temos algunha información sobre este software que podemos ler para comprender mellor o funcionamento do mesmo. Para baixalo abonda con premer en “descargar ahora”.




Logo disto abrírase nunha nova páxina unha ventá que variará dependendo do navegador usado. O que se amosa a continuación é o que aparece con Mozilla Firefox.



Agora dámoslle a “guardar archivo” e gardarase no lugar predeterminado que teñamos de descargas. Con Explorer preguntaranos onde o queremos guardar, polo que teremos que seleccionar o mesmo. Outro aspecto a ter en conta que pode suceder é que nos apareza unha barra de información


impedindo que se abra a ventá e posibilitando, por tanto, a descarga. Nese caso temos que premer na mesma e darlle a “descargar archivo”.




Unha vez que baixamos o arquivo procedemos a executalo. Este arquivo instalaranos Picasa de xeito automático.



Ao facelo irannos aparecendo unhas ventás:




Aceptaremos as condicións.




Localizamos o lugar onde queremos gardar o software en examinar e logo imos a “instalar”.

A instalación realízase automáticamente. Ao finalizar aparecerán unhas opcións que podemos ou non activar. Por defecto están todas activadas, pero podemos modificalo ao noso antollo.




Se seleccionamos a opción “ejecutar Picasa 2”, abriase automáticamente o programa.



TRABALLAR CON PICASA

Ao instalar Picasa, comeza a funcionar, organizando todas as fotografías que temos, preguntándonos previamente onde queremos que as busque.




Segundo nos conveña seleccionaremos unha ou outra. Logo desta operación amosarásenos todas as imaxes correspondentes coa nosa selección.

Agora que temos aberto Picasa veremos na esquerda todas as carpetas atopadas de xeito xeral:



Seleccionando algunha carpeta en concreto veremos na parte da dereita cáles son as fotos que se corresponden con dita carpeta. Tamén podemos buscar neste espazo.



Neste tutorial só imos aprender uns pasos básicos e a reducir o tamaño das fotos, non obstante, Picasa, ten outras moitas utilidades. Para coñecer mellor o programa diríxase á web onde baixamos o programa e alí hai a disposición do usuario información técnica, así como un paseo para iniciarse no software.

Para reducir o tamaño das fotos teremos primeiro que seleccionar a foto ou fotos que queiramos. Para isto prememos en “retener” na parte de abaixo e seleccionamos as fotos que queiramos reducir.




As imaxes seleccionadas iranse amosando na parte de abaixo á esquerda.



Unha vez conformes coa nosa selección dámoslle a “exportar” no menú de abaixo e amosaranos o tamaño en píxeles que queremos que teñan as


imaxes. Alí podemos poñer o tamaño tecleando a cifra desexada ou ben movendo o cursor á esquerda ou dereita.




Un tamaño adecuado para poñer as imaxes con vistas a subila en web é 480 píxeles.

Deseguido, no menú da esquerda, amosarásenos un campo co nome “imágenes exportadas”. Alí están todas as imaxes reducidas de tamaño. Podemos tamén buscalas no ordenador sen necesidade de entrar en Picasa en “mis imágenes”, nunha carpeta co nome “Exportaciones de Picasa”.

Se queremos exportalas dende un dispositivo externo teremos que premer igualmente en “exportar” e buscar en “examinar” o dispositivo. Logo, o proceso é o mesmo.




Podemos administrar as carpetas en “herramientas” e “administrador de carpetas”.




Accederemos a un menú no que podemos sinalar as carpetas que Picasa debe explorar en busca de imaxes e as que non. No caso de que non desexemos ver as imaxes dunha carpeta en concreto, poremos “eliminar de

Picasa”. No caso contrario poremos “explorar siempre” ou “explorar una vez” segundo conveña.



É importante saber que se eliminamos unha carpeta de Picasa mediante a tecla suprimir, ou ben facendo a mesma función co rato (clic co botón dereito do rato e seleccionar “eliminar”), estaremos a eliminar a imaxe do disco duro, polo que deberemos ter coidado. No caso de que non queiramos que se amose algunha carpeta, pulsaremos tamén co botón dereito do rato e “ocultar carpeta”, ou ben “eliminar de Picasa”.

Se en Picasa non se nos amosan algunhas imaxes pode ser debido ao tamaño. Se son moi pequenas Picasa ben predeterminado de xeito que non as visualiza. Para activar esta función iremos ao menú de “vista” e pulsaremos en “imágenes pequeñas”.




Por último, imos ver como podemos importar imaxes desde unha cámara dixital ou doutro dispositivo externo.

Teremos que premer en “importar” na parte esquerda de enriba.



Levaranos ao modo de importación. Agora teremos que premer en “seleccionar dispositivo” e localizar no mesmo o dispositivo externo onde temos as fotos.




No caso de que non se amose automaticamente iremos a “carpeta” e buscaremos como xa é habitual.

Ao seleccionar o dispositivo aparecerán todas as imaxes do mesmo. Na parte esquerda aparecerán todas en tamaño reducido e na parte dereita ampliadas en modo vista previa, de xeito que se poden ir visualizando individualmente mediante as frechas.



Se queremos importar todas premeremos en “importar todo”. No caso de querer concretar máis teremos que ir facendo clic co rato mantendo pulsada a tecla control se queremos seleccionar varias á vez. Logo dámoslle a “importar seleccionadas” e xa estará feito.

O último paso será colocar ditas imaxes no lugar que desexemos cubrindo a información que nos pide.



The screenshot shows a software dialog box with a light beige background and a blue border. It is divided into three main sections:

- Nombre y ubicación de la carpeta:** This section contains a text input field for "Escribe un nombre de carpeta para estas fotos:" and a dropdown menu for "Ubicación en la que se guardarán estas fotos:" with "Mis imágenes" selected. An "Examinar..." button is located to the right of the dropdown.
- Información adicional de la foto:** This section includes a text input field for "Tomada en (opcional):", a date dropdown menu for "Fecha:" showing "8/ 2 /2008", and a larger text input field for "Descripción (opcional):".
- Tras copiar, hacer esto con la cámara o la tarjeta:** This section contains three radio button options:
 - No hacer nada: (opción predeterminada) deja todas las imágenes originales sin cambios.
 - Eliminar de forma segura: sólo se eliminarán las imágenes que se hayan copiado de los medios de origen.
 - Borrar la tarjeta: eliminar todas las imágenes halladas

At the bottom of the dialog, there are three buttons: "Ayuda" on the left, "Finalizar" in the center, and "Cancelar" on the right.

Con poñer un nome á carpeta e examinar onde queremos localizala no ordenador é suficiente. Logo clic en “finalizar”.

[Attribution-NonCommercial-NoDerivs 2.5 Spain](#)

You are free:

- Ⓒ to Share - to copy, distribute and transmit the work

Under the following conditions:

- Ⓘ Attribution. You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- Ⓓ Noncommercial. You may not use this work for commercial purposes.
- Ⓔ No Derivative Works. You may not alter, transform, or build upon this work.
- For any reuse or distribution, you must make clear to others the license terms of this work. The best way to do this is with a link to this web page.
- Any of the above conditions can be waived if you get permission from the copyright holder.
- Nothing in this license impairs or restricts the author's moral rights.